

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Vedra , asinado na data que figura na marxe

Dunha parte, D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO, con DNI núm. 33.284.493C en calidade de Alcalde - Presidente do CONCELLO DE VEDRA, con NIF. P1509000D e domicilio en Avd. M. M. Gómez Lorenzo, 1 -15885 VEDRA.

Doutra parte D. ALBERTO LÓPEZ MARTÍN con DNI núm. 11947097T, en nome e representación de FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L, con NIF B15009533 e domicilio fiscal en lugar A Mina, s/n (15822 Touro) ; inscrita no ROLECE (B15009533) e no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia (nº 65)

A finalidade do presente acto é proceder á formalización do contrato de obras de *Mellora de camiños en Fontao (Vedra), incluída no Plan de mellora de camiños municipais de acceso á parcelas agrícolas 2024/2025* (Expediente núm. 2024/C003/000001)

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

PRIMEIRO.- Por Resolución da Alcaldía núm. 445/24, de data 02 de xullo, aprobose, o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado con criterios avaliábeis de forma automática, e tramitación ordinaria, da obra de *Mellora de camiños en Fontao (Vedra)*, así como o prego de cláusulas administrativas que ha de rexer a súa adxudicación.

SEGUNDO.- A Mesa de Contratación reunida o 19 de agosto de 2024, acordou clasificar as ofertas presentadas polos licitadores e requirir á FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L, licitador admitido mellor clasificado, para que presentase a documentación establecida no PCAP, e dado que a presentou en prazo, por Resolución da Alcaldía núm. 580/24, do 02 de setembro, adxudicóuselle a obra

E recoñecéndose ambas partes a competencia e capacidade para formalizar o presente documento

OUTORGAN



PRIMERA. D. ALBERTO LÓPEZ MARTÍN en representación de FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L comprométese á realización da obra de *Mellora de camiños en Fontao (Vedra)* ,con suxeición aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que lle son de aplicación , á súa oferta presentada. e as condicións establecidas polo AGADER na Resolución do 19 de decembro de 2023 publicada no DOG núm. 18/24, do 25 de xaneiro (Artigo 15)

SEGUNDA. O prezo do contrato é de CORENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS VINTE E OITO EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (#49.528,10#) MÁIS DEZ MIL CATROCENTOS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (#10.400,90#) DE IVE. TOTAL 59.929,00 EUROS

TERCEIRA.- O prazo de execución das obras é o establecido no Anexo I do PCAP (Apartado 6) e o de garantía de 60 meses dende a data de recepción das mesmas

CUARTA.- O contratista presta a súa conformidade tanto ao prego de cláusulas administrativas como ao proxecto de obras que rexen este contrato, e ambas partes sométense, para canto non se atopen neles establecido, á Lei 9/2017, do 8 de novembro, (LCSP), ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D. 1098/2001, e ás demais disposicións regulamentarias de desenvolvemento, ás ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no marco das súas respectivas competencias, e adicionalmente á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)

As cuestións litixiosas xurdidas sobre da interpretación , modificación , resolución e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso -administrativo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición

Documento asinado dixitalmente